

## ACTIVIDADES DE CAZA

- Evita o contacto con cazadores
- Se ti es cazador:
  - Non vaias de caza a países de risco. Se o fas, non teñas contacto cos porcos nun **mínimo de 3 días** desde o teu regreso.
  - Asegúrate que **limpas e desinfectas adecuadamente a roupa e calzado** tras a cacería e que este material non se pon en contacto cos porcos.
  - **Non introduzas na granxa restos de produtos ou materiais de caza.**



## OUTRAS MEDIDAS

- **O xabaril é un grave risco de entrada da PPA e doutras enfermidades no gando porcino.**



### **EVITA COMPLETAMENTE O CONTACTO CON XABARÍS E OS SEUS PRODUTOS.**

- **Evita que os operarios ou transportistas introduzan e consuman produtos cárnicos de porcino na explotación.** Especialmente se tes operarios orixinarios dos países de risco.
- Se visitas países de risco **non transportes produtos cárnicos frescos ou curados** de porco ou xabaril.
- É fundamental que **non introduzas carnes frescas ou curadas de porcino ou xabaril na granxa** nin subministres restos destes alimentos aos porcos.
- **Non compartas equipamentos e ferramentas con outras explotacións.** Se as compartes debes limpalas e desinfectalas antes de volverlas introducir na granxa.



**ANTE CALQUERA DÚBIDA OU SOSPEITA,  
INFORMA AOS SERVIZOS VETERINARIOS DA  
TÚA OFICINA AGRARIA COMARCAL**

**Máis información:** [http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/sanidade\\_animal/peste\\_porcina\\_africana/](http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/sanidade_animal/peste_porcina_africana/)

# PREVENCIÓN DA ENTRADA DA PESTE PORCINA AFRICANA NAS EXPLOTACIÓNS DE PORCINO



**A BIOSEGURIDADE É A TÚA  
RESPONSABILIDADE.  
¡¡ ESTÁ NAS TÚAS MANS !!**

# QUE É A PESTE PORCINA AFRICANA ?

A PESTE PORCINA AFRICANA (PPA) é unha enfermidade enormemente importante para o sector porcino tanto pola propia saúde dos animais como polas restricións ao comercio de animais porcinos e os seus produtos. Non afecta as persoas.

A día de hoxe na Unión Europea están afectados pola PPA: Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Hungría, Romanía, Bulgaria e Bélxica.

## BIOSEGURIDADE: A MELLOR FERRAMENTA PARA EVITAR A ENTRADA DA PPA NA TÚA EXPLOTACIÓN

### UNHA GRANXA DE ALTA BIOSEGURIDADE DEBE:

- **Ter un peche perimetral completo** e en bo estado que impida o contacto con animais silvestres, **especialmente xabarís. Portas pechadas.**
- **Non permitir o acceso ao interior da granxa** de vehículos ou persoas alleas á explotación. Se isto non fose posible:
  - **Vehículos limpos e desinfectados** antes de entrar (vao sanitario, arco de desinfección, máquina a presión).
  - **Persoas con roupa e calzado da granxa.**
- **Evitar o contacto con xabarís ou os seus produtos.**
- **Sistemas de desinfección** (bandexas, alfombras...) entre as naves.
- **Vehículos limpos e desinfectados en orixe.** Os condutores non deben baixar do vehículo, e se o fan, usarán roupa e calzado da granxa e utilizarán os sistemas de desinfección presentes.
- Pide certificado de limpeza e desinfección dos vehículos que entren na túa explotación.



### ORIXE DOS ANIMAIS

- **Animais e seme documentados e con orixe coñecida.** Evita orixes de países de risco.
- **Realiza a corentena** nun lugar o máis afastado posible dos porcinos da granxa
- No caso de detectar algunha anomalía na documentación, identificación ou estado dos animais ou seme, **comunícallela aos servizos veterinarios oficiais** da túa Oficina Agraria Comarcal.



### ROUPA E CALZADO

- Os operarios da granxa deben utilizar **roupa de uso exclusivo** na granxa.
- **Non permitas o acceso de persoas ao interior da granxa.** Se isto non é posible:
  - As visitas deben utilizar roupa e calzado da propia granxa ou roupa desbotable. A roupa usada non debe saír da explotación. A roupa desbotable debe eliminarse na explotación. A ducha e desinfección antes da entrada é tamén unha medida eficaz de prevención.



## COMO DETECTAR A PESTE PORCINA AFRICANA NA TÚA EXPLOTACIÓN?

### VIXILANCIA PERMANENTE

- **Revisa a diario os teus animais,** e especialmente os recentemente incorporados.
- Febre, apatía, animais prostrados, hemorragias ou cor azulada nas orellas, patas ou partes baixas do corpo son síntomas compatibles coa PPA.
- Ante calquera sospeita de enfermidade nos porcinos, **avisa de inmediato os servizos veterinarios oficiais.**
- Avisa igualmente se **observas ou coñeces a existencia de xabarís mortos ou enfermos.**

